

{ENTREVISTA EN 50 LIÑAS}

“Estase a cuestionar a propia subsistencia do sistema educativo”

Nome: Juan Viaño

Cargo: Reitor electo da USC

Os constantes recortes no sector público acumulados nos últimos anos ameazan con pasarlle unha factura demasiado cara á educación pública, alerta o reitor electo da Universidade de Santiago de Compostela, Juan Viaño.

“Chega un momento en que se está poñendo en

cuestión a propia subsistencia do sistema educativo, e a sociedade debe ser consciente de que aquí [na universidade] é onde se forman os nosos fillos e os nosos profesionais. Polo tanto, débese investir na universidade o máximo que se poida”, indica o catedrático de matemática aplicada nunha entrevista concedida a Efe.

Viaño, que tomará posesión do cargo de reitor nunhas semanas, chama así á sensibilización social co fin de que “non se perda o talento” e tampouco os niveis de investigación acadados en España nos últimos anos.

A súa prioridade será por iso intentar mellorar o financiamento da universidade para recondu-

cir a situación económica da USC. “Os sucesivos recortes leváronnos a unha situación que afecta transversalmente a toda a actividade universitaria (...). Nestes momentos hai docencias que están comprometidas, porque hai prácticas que necesitan recursos inmediatos e se carece dos mínimos”, pon como exemplo. “A prioridade é invertir a tendencia e conseguir un bo plan de financiamento público e recuperar ingresos”, conclúe”. J. RODIL